



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/33/2014	CONYI0F6
451T6H03443C1G0I06PW	

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HA DE REXER NA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE MANTEMENTO BÁSICO, LIMPEZA E APERTURA E PECHE DO PAVILLÓN DAS LAGOAS EN FREIXEIRO”.

## ELEMENTOS DO CONTRATO

### 1. OBXECTO

- 1.1 É obxecto do presente Prego a contratación por parte do Concello de Narón do “SERVIZO DE MANTEMENTO BÁSICO, LIMPEZA E APERTURA E PECHE DO PAVILLÓN DAS LAGOAS EN FREIXEIRO”, que se realizará conforme ao PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS que se achega, redactado polo servizo de Deportes.
- 1.2 A codificación do obxecto do contrato, segundo o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) aprobado polo Regulamento 213/2008-CE, de 28 de novembro de 2007, é:

90910000-9 Servizos de limpeza

50700000-2 Servizos de reparación e mantemento de equipos de edificios

98341130-5 Servizo de conserxería

Toda a información relativa á contratación derivada da presente convocatoria publicárase no perfil do contratante na páxina web <http://www.naron.es>.

### 2. RÉXIME XURÍDICO

- 2.1 O obxecto do presente Prego está tipificado como contrato de SERVIZOS, dentro das categoría 14 – Servizos de limpeza de edificios e servizos de administración de bens raíces- e rexeráse en polas prescricións contidas no mesmo, os preceptos do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP); o Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público (RXLCSP); o Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións Públicas (RXLCAP), no que non se opoña ao Texto Refundido antes citado; subsidiariamente, polos preceptos da Lei



30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e normas complementarias; e, de xeito supletorio, as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado que lle sexan de aplicación.

- 2.2 A súa adxudicación realizarase mediante PROCEDIMENTO ABERTO, de conformidade co establecido no art. 138 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, utilizándose os criterios de adxudicación que se relacionan na cláusula 10 do presente Prego, non estando suxeito a REGULACIÓN HARMONIZADA.

### 3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E PREZO DE LICITACIÓN

#### 3.1 Presuposto de licitación:

O tipo máximo de licitación é 17,07 euros/hora, sen incluír o IVE. O importe do IVE (21%), correspóndelle a cantidade de 3,58 euros.

- 3.2 O valor estimado do contrato, excluído o IVE, ascende á cantidade de 76.558,60 €.

Os licitadores deberán presentar as ofertas especificando o prezo/hora, este prezo será o mesmo para horas diurnas, nocturnas ou festivas. O total de horas estimadas anuais do servizo serán de 2.243.

O orzamento anual estimado será de 38.279,30 euros, IVE excluído.

O orzamento do contrato obxecto do presente Prego de Condicións para os dous anos de duración do mesmo por parte deste Concello e conforme á seguinte previsión estimada de desagregación por anualidades, IVE incluído:

- Exercicio 2014 (agosto-décembro):.....18.523,05 €
- Exercicio 2015 (xaneiro-décembro):.....46.317,95 €
- Exercicio 2016 (xaneiro-agosto):.....27.794,90 €

No orzamento total entenderanse comprendidos todos os gastos e demais impostos que graven a realización do contrato, non podendo na súa consecuencia, repercutilos a empresa adxudicataria contra a Administración como partida independente do orzamento contratado.

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 34000 22700 do orzamento



xeral deste concello para as anualidades indicadas con anterioridade.

#### 4. CONSTANCIA EXPRESA DA EXISTENCIA DE CRÉTO

As obrigas derivadas deste contrato, atenderanse co creto certificado por Intervención de Fondos e que consta no expediente, con cargo á aplicación 34000 22700.

#### 5. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de duración do contrato será de DOUS ANOS, a contar desde o día 1 de agosto de 2014 ou desde a data da sinatura da acta de inicio do servizo, se esta fose posterior.

Dado o carácter plurianual do contrato, a autorización e o compromiso de gasto subordinarase ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, de conformidade co establecido no art. 174.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, operando a dita circunstancia como condición suspensiva da súa vixencia.

Non se prorrogará o contrato, agás que en caso de extinción normal ou anormal do contrato por calquera causa, e co gallo de garantir a continuidade do servizo, o órgano de contratación poderá acordar a prórroga forzosa do contrato, ata a adxudicación dun novo contrato, por un período que en ningún caso poderá superar os seis meses.

### LICITACIÓN

#### 6. APTITUDE PARA CONTRATAR

6.1 Poderán tomar parte nesta contratación as persoas naturais ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme á cláusula 9 do presente Prego de Condicións ou se atopen debidamente clasificadas conforme á mesma cláusula, segundo corresponda.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional esixible para a realización da actividade que constitúe o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lle sexan propios.

6.2 A capacidade de obrar dos empresarios que foren persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.



A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a prestación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Estes últimos, ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga e deberán ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

- 6.3 A proba, por parte dos empresarios, de non estar incurso nunha prohibición de contratar das contidas no art. 60 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, efectuarase mediante por unha declaración responsable.
- 6.4 Poderán presentarse proposicións escritas por UTEs para a realización do obxecto desta contratación. Os devanditos empresarios ficarán obrigados solidariamente ante a Administración, e deberán nomear na súa proposición un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo.

Neste caso cada unha das empresas deberá acreditar a súa capacidade de obrar e xurídica fronte á Administración de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A duración das Unións Temporais de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

En canto ás proposicións formuladas por distintas empresas pertencentes a un mesmo grupo estarase ao disposto no art. 86 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

## **7.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN**

Nas licitacións, cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición e tampouco poderá asinar ningunha proposta en UTE se o fixera individualmente nin figurar en máis dunha unión temporal, de infrinxirse estas normas non se admitirá ningunha proposta asinada por este licitador.



NARÓN

A presentación de proposicións presume a aceptación, sen salvidade nin reserva algunha, polo licitador das cláusulas deste Prego e do resto de documentos contractuais e a declaración responsable da exactitude dos datos presentados e máis de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para esta contratación.

## 8.- LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

8.1 **Lugar:** As ofertas deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Narón, sito en Praza de Galicia,1 ou por correo na forma que establece o artigo 80.4 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, R.D. 1098/2001 de 12 de outubro. Neste último caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano a remisión da oferta mediante télex, fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Número de fax 981388044. Correo electrónico: [contratacion@naron.es](mailto:contratacion@naron.es); este aviso só será válido se existe constancia da transmisión e recepción deste, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifique fidedignamente o remitente e o destinatario.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos sinalados non será admitida a proposición, tampouco se estes chegan con posterioridade á data de remate do prazo de presentación de ofertas.

Se transcorridos dez días naturais dende o remate do prazo de presentación de proposicións non chegase a oferta anunciada, esta non será admitida.

8.2 **Prazo:** Quince días naturais dende o seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

8.3 **Forma:** As proposicións para tomar parte nesta licitación presentaranse en DOUS SOBRES PECHADOS, que poderán estar lacrados e precintados e no que figurará, en cada un deles, a seguinte INSCRICIÓN:

"Proposición presentada por D.....(en nome propio ou en representación de....., con CIF: .....), con enderezo....., teléfono....., fax..... e correo electrónico....., para tomar parte na licitación convocada polo Excmo. Concello de Narón, para contratar o "....."

En cada un dos sobres, engadirase ademais, respectivamente,

- "SOBRE 1" (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA)
- "SOBRE 2" (PROPOSICIÓN ECONÓMICA)

8.3.1 Os licitadores presentarán no "SOBRE 1" (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA), unha declaración conforme o licitador ten plena capacidade e solvencia para contratar coa administración, segundo modelo do anexo I deste prego de



cláusulas.

- No seu caso, os empresarios que concorran en UTE ademais da declaración responsable citada anteriormente de cada un dos membros, indicarán os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

- Se ha lugar, indicación do correo electrónico no que se efectuarán as notificacións correspondentes ás diversas actuacións que se sigan no procedemento.

8.3.2 No "SOBRE 2" os licitadores presentarán os seguintes documentos:

- Proposición económica, que se redactará conforme ao modelo do Anexo III deste prego de cláusulas administraivas.

Na elaboración desta oferta se han de ter en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

No caso de que o licitador considere que na súa proposición económica existen documentos de carácter confidencial, deberá detallar que documentación ten ese carácter mediante a oportuna declaración asinada e debidamente xustificada, todo iso a efectos previstos no art. 140 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (Anexo VIII).

Nos casos en que concorran empresas comprendidas nun mesmo grupo, segundo o disposto na cláusula 6.4, deberase achegar á proposición económica declaración sobre os extremos que se concretan na devandita cláusula.

Unha vez entregada ou remitida a documentación, esta non pode ser retirada, agás que a retirada da proposición sexa xustificada.

Non se admitirán variantes ou alternativas.

## **9. ACREDITACIÓN CAPACIDADE DE OBRAR E SOLVENCIA**

### **CAPACIDADE DE OBRAR**

As condicións de capacidade de obrar e solvencia, deberán acreditarse polo licitador que presente a oferta máis vantaxosa, perante o servizo de Contratación a prol do cal se tramita a proposta de adxudicación, a requirimento deste e no prazo improrrogable de 7 días naturais, mediante a presentación da seguinte documentación:

9.1 Licitadores que se achan inscritos no Rexistro Oficial de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña, Xunta de Galicia e Estado Español, deberán presentar:

Certificación do órgano encargado do Rexistro Oficial ao que deberá achegarse unha declaración responsable do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflectidas na certificación non sufriron variación ningunha.

De non estar clasificados no grupo relacionado con esta prestación, deberá acreditar a súa solvencia da forma que se describe na cláusula 9 deste prego.

## 9.2 Licitadores non inscritos en Rexistro Oficial de Contratistas, presentarán

- Documento Nacional de Identidade da persoa que presenta a proposición en nome propio ou coma apoderado.
- Copia da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que sexa aplicable. De non ser persoa xurídica, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante escritura ou documento de constitución, estatutos o acto fundacional, no que se constataren as normas polas que regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.
- De tratarse dunha persoa xurídica, deberá incluír escritura de apoderamento a prol da persoa que asine a oferta económica, con facultades para contratar coa Administración
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas do artigo 60 do TRLCSP, redactada con arranxo ao ANEXO II deste prego.
- Certificación expedida pola Axencia Tributaria e pola Tesourería da Seguridade Social, de estar ao corrente das súas obrigas tributaria e coa Seguridade Social. O cumprimento destas obrigas poderán acreditarse tamén, se o licitador voluntariamente así o desexa, mediante a cesión ao Concello de Narón da información que acredite que a empresa cumpre tales circunstancias.
- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

## 9.3 Empresas estranxeiras

### 9.3.1 Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea se acreditará mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

### 9.3.2 Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

### 9.3.3 Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular neste ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, en que se faga constar que o Estado de



procedencia da empresa admite pola súa parte a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente igual.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

9.3.4 Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP).

9.4 Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

## SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA, TÉCNICA OU PROFESIONAL. CLASIFICACIÓN

Segundo o establecido no artigo 65 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, modificado a través da Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación correspondente ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos neste prego.

A non achega por parte dos licitadores de toda a documentación esixida na presente cláusula xustificativa da solvencia requirida e na cláusula anterior relativa á capacidade xurídica e de obrar, será causa de exclusión da oferta, de conformidade coa normativa de aplicación.

Os licitadores deberán xustificar adecuadamente os medios persoais e materiais necesarios e suficientes que se comprometen a adscribir á execución do contrato.

O licitador que presente a mellor oferta, requiriráselle, ao igual que no artigo anterior, para que acredite a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios que se sinalan:

A) Solvencia económico-financeira

Os licitadores deberán acreditar necesariamente a súa solvencia económica e financeira, mediante a acreditación dun volume de negocios, igual ou superior ao orzamento do contrato.

B) Solvencia técnica ou profesional





Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados no últimos TRES ANOS directamente relacionados co obxecto do contrato que se licita; incluíndo importes, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos, e que se acreditará, cando así se solicite, mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público. Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

A suma dos devanditos importes no seu conxunto deberá ser durante os tres últimos anos igual ou superior ao duplo do orzamento máximo anual de gasto (92.635,90 euros).

## **ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **10. CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS**

O único criterio a valorar para a adxudicación do presente contrato será o do prezo máis baixo, de conformidade co artigo 150 do TRLCSP.

Consideraranse proposicións incorren en temeridade aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:

- Cando concorrendo un só licitador, a porcentaxe de baixa ofertado supere o 25 %.
- Cando concorran dous licitadores, a oferta cuxa porcentaxe de baixa sexa superior en máis de 20 unidades porcentuais á porcentaxe de baixa ofertado pola outra oferta presentada.
- Cando concorran tres ou máis licitadores, as ofertas que sexan superiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética do conxunto das porcentaxes de baixa ofertados.

### **11. MESA DE CONTRATACIÓN**

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, alcalde da Corporación ou persoa en quen delegue.

● Vogais: D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral; D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental; D. Rafael Flores Veiga, administrador-xerente do Servizo de Deportes; Dna. Natalia Hermida Rico delegada da Alcaldía para asuntos de Deportes.

● Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación ou persoa en quen delegue.

De conformidade co establecido nos arts. 160.1 do R.D.L. 3/2011 e 21 do R.D. 817/2009, a Mesa poderá solicitar cuantos informes técnicos considere precisos para a valoración das proposicións presentadas, podendo incorporar ás súas reunións os funcionarios ou asesores especializados



que resulten necesarios para iso.

## 12. APERTURA DE PROPOSICIÓNS

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación, reunirse para comprobar a presentación da declaración responsable sobre a súa capacidade de obrar. Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables na declaración presentada, comunicaraos aos interesados mediante fax ou correo electrónico, a fin de que, nun prazo máximo de TRES DÍAS HÁBILES procedan a emendar a referida documentación

A Mesa de Contratación realizará en acto público convocado ao efecto, a apertura de proposicións económicas. A apertura terá lugar antes de que transcorresen sete días desde a apertura do sobre A (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA).

O Concello poderá pedir aclaracións ás ofertas presentadas para unha mellor comprensión das mesmas. En ningún caso as ditas aclaracións poderán supoñer modificación dos termos da proposición efectuada.

## 13. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN E NOTIFICACIÓN

13.1 As proposicións presentadas, clasificaranse por orde decrecente, atendendo ao criterio establecido na cláusula 10 do presente Prego.

13.2 O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa, entendéndose como tal a que maior puntuación obtivese na valoración deste criterio, para que dentro do prazo de SETE DÍAS hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

- Acreditación da personalidade xurídica conforme ao disposto na cláusula 6 do presente prego de cláusulas administrativas.
- Xustificación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional segundo o establecido na cláusula 9
- Xustificante da subscripción da póliza de responsabilidade civil esixida no prego de condicións técnicas que rexen esta contratación.

No prazo de dez días hábiles, presentará ademais da documentación anterior a documentación xustificativa esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP e documentación complementaria

- Xustificante de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.



- Xustificante de dispoñer dos medios materiais e persoais que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato.
- Escritura de constitución da Unión Temporal de Empresas, no seu caso.
- Xustificante acreditativo do pago dos anuncios de licitación.
- Xustificante de constituír a garantía definitiva a que se refire a cláusula seguinte.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas

13.3 Cando se identifiquen proposicións que poidan ser considerada desproporcionadas ou anormais, en aplicación dos criterios establecidos na cláusula 10 do presente prego, darase audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda da Administración.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polos licitadores e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, exclúiraa da clasificación e acordará a adxudicación a prol da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde na que fosen clasificadas.

13.4 A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada dentro dos CINCO DIAS hábiles seguintes á recepción da documentación a que se refire o apartado 2 da presente cláusula, e será publicada no Perfil do Contratante e notificada ao adxudicatario e a todos os licitadores que presenten unha oferta, incluídos as empresas excluídas da licitación, mediante fax ou correo electrónico. Para ese efecto deberá consignar eses datos na proposición económica.

## 14. **GARANTÍA DEFINITIVA**

14.1 A garantía definitiva haberase de constituír dentro do prazo indicado na cláusula 13.2 e fíxase na cantidade equivalente ao 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o IVE.

A garantía definitiva poderá presentarse en calquera das formas previstas no art. 96 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

14.2 Para o caso de que se utilice a modalidade de ingreso en efectivo, procederase do



seguinte modo:

Ingresarase directamente ou mediante transferencia bancaria a prol do Concello de Narón.

Nos abonos deberá figurar o NIF ou CIF, nome e apelidos ou razón social da empresa ordenante, así como a indicación de que se trata de «fianza definitiva», sucinta descrición do contrato para o que se deposita e número de expediente.

- 14.3 Para o caso de que se presente en valores, mediante aval ou seguro de caución, deberá depositarse necesariamente na Caixa da Corporación e realizarase conforme aos modelos contidos nos anexos do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas.

Así mesmo, a garantía definitiva poderá constituírse mediante retención no prezo, de conformidade co establecido no art. . 96.2 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, previa petición formulada para o efecto polo interesado no prazo sinalado na cláusula 13.2.

## 15.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

- 15.1 O contrato derivado da adxudicación do servizo obxecto do presente Prego de Condicións perfeccionarase coa súa formalización, que se efectuará en documento administrativo, sen prexuízo do establecido no art. 156 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público. A dita formalización realizarase non máis tarde dos QUINCE DÍAS hábiles desde que se efectúe a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

- 15.2 Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

## EXECUCIÓN DO CONTRATO

## 16. XERALIDADES

- 16.1 O adxudicatario está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao disposto no presente Prego de Condicións, oferta polo mesmo presentada e ás ordes que esta Administración lle dea para a mellor realización do servizo adxudicado.

- 16.2 De conformidade co establecido no art. 52 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, polo Órgano de contratación designarase un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución, así como adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a súa correcta realización.

- 16.3 O contratista terá dereito ao abono da prestación realizada con arranxo aos prezos ofertados, nos termos establecidos no Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de



novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

16.4 O adxudicatario ten a obriga de presentar a factura que expedira polos servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo, para a súa oportuna tramitación.

16.5 De conformidade co establecido no art. 301.4 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público; en ningún caso poderá producirse, á extinción do contrato, a consolidación do persoal que realízase os traballos obxecto de contratación como persoal da entidade contratante.

## **17. PROGRAMA DE TRABALLO**

O adxudicatario deberá presentar un programa de traballo no prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte a recibir a notificación da adxudicación. O concelleira delegada de Deportes, resolverá sobre o programa, podendo impoñer a introdución de modificacións sempre que se axusten as condicións do contrato.

O programa de traballo deberá fixar os traballos que integran o servizo e as operacións máis importantes a realizar; determinación do equipo e medios a empregar no desenvolvemento do servizo, con indicación do responsable e estimación dos traballos mensuais. Valorando os traballos realizados segundo prezo de adxudicación.

## **18. COMEZO DOS TRABALLOS**

A data oficial do comezo dos traballos será o día seguinte da formalización da acta de inicio, acto que se realizará dentro dos seguintes cinco días naturais ó de sinatura do contrato.

## **19. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA**

19.1 Serán de conta da contrata todos os tributos, contribucións e arbitrios de calquera esfera fiscal, os que, por considerarse incluídos nos prezos ofertados, non poderá repercutirse como partida independente, así como de todos os gastos xerados pola tramitación .

19.2 A empresa contratista responderá obxectivamente e, na súa consecuencia, deberá indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia do contrato adxudicado, conforme ao establecido no artigo 214 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

19.3 De conformidade co establecido no art. 43.1 da Lei xeral tributaria 58/2003, de 17 de decembro, así como no art. 60.d) do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público e nos arts. 13 a 16 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas; a empresa contratista terá a obriga de achegar, con anterioridade ao vencemento da validez dos certificados inicialmente



entregados e ata a finalización do contrato, e sen que medie reclamación algunha por parte desta Administración, novas certificacións acreditativas de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

## 20. OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS E MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS

### 20.1 Obrigas laborais e sociais

O contrato executarase con estrita suxeición ás cláusulas do prego de condicións técnicas, ao programa de traballo e a o establecido neste prego.

O adxudicatario obrígase ao estrito cumprimento da lexislación laboral, de prevención de riscos laborais, seguridade e hixiene, mesmo da de Previsión e Seguridade Social, en todos os seus aspectos e regulacións, quedando exenta a entidade municipal contratante de calquera responsabilidade por incumprimento das devanditas disposicións e demais de carácter laboral que se produzan polo adxudicatario. A dita obrigación terá o carácter de obrigación contractual esencial.

Á extinción do contrato, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que traballaran adscritos a este contrato.

No suposto de folga que afecte ao servizo obxecto deste contrato, o adxudicatario virá obrigado a requirimento do órgano de contratación e no prazo e xeito que este indique, a ofrecer as solucións que garantan os servizos mínimos imprescindibles que determine a administración competente. Se o adxudicatario non ofrecera as devanditas solucións ou non as levara a práctica, os servizos técnicos municipais competentes poderán promover contratos que estimen precisos para cubrilos servizos mínimos aprobados, estes contratos seran por conta do adxudicatario.

### 20.2 Medios materiais e persoais

O contratista fica obrigado a aportar e manter, para a realización do servizo ou prestación, o equipo e medios auxiliares que sexan precisos para a correcta execución nos prazos convidos no contrato e, en particular, os que foran incluídos na relación de persoas responsables da execución do contrato.

O persoal da empresa dependerá exclusivamente da empresa contratista, e unicamente esta terá os dereitos e obrigacións inherentes á súa condición de empregadora.

Así mesmo, a empresa adxudicataria, non poderá substituír ao persoal establecido na súa oferta, sen a expresa autorización deste Concello.

En calquera momento a administración poderá esixir do contratista a presentación dos documentos contractuais que tivera asinado co persoal que empregue para a execución do contrato.



O contratista non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros dato algún dos traballos contratados nin publicar, total ou parcialmente, o contido dos mesmos sen autorización escrita da administración. En todo caso o contratista será responsable dos danos e prexuízos que se deriven do incumprimento desta obriga.

## 21. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

De conformidade co disposto no art. 219 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, os contratos administrativos poderán ser modificados por razóns de interese público na forma prevista no Título V do Libro I da mencionada Lei, e de acordo co procedemento regulado no seu art. 211; sendo as ditas modificacións obrigatorias para o contratista.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no art. 107 do Real decreto legislativo 3/2011, o órgano de contratación poderá introducir modificacións non previstas no contrato para atender a causas imprevistas, soamente cando concorra algunha das circunstancias sinaladas no devandito artigo.

## 22. ABONOS AO CONTRATISTA

O contratista ten dereito ao abono con arranxo aos prezos convidados, dos traballos que realmente execute, con suxeición a ao contrato outorgado, ás súas modificacións aprobadas e máis ás ordes dadas por escrito pola administración.

A facturación será mensual.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión surta efectos, precísase que se comunique a administración o acordo de cesión para poder expedir o mandamento de pago a prol do cesionario.

## 23. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

23.1 Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato e que se cumpran os requisitos establecidos no art. 226 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

23.2 Salvo que pola súa natureza e condicións se deduza que ha de ser executado directamente polo adxudicatario, este poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, nas condicións establecidas nos arts. 227 e 228 do mencionado Real decreto legislativo.

Non se poderá subcontratar unha porcentaxe maior ao 20% do prezo do contrato.



No caso de que se autorice a subcontratación das prestacións parciais do contrato, o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente e por escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, a intención de celebrar o subcontrato e a identidade do subcontratista e xustificando a aptitude deste mediante a acreditación dos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia salvo que acredite que o subcontratista posúe clasificación vixente e adecuada para a realización da parte do contrato obxecto de subcontratación .

A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente logo da celebración do subcontrato si esta é necesaria para atender unha situación de urxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifique debidamente. O incumprimento do disposto neste apartado dará lugar á imposición dunha penalidade equivalente ao 10% do importe do subcontrato.

23.3 Cesión do contrato: Para que os adxudicatarios poidan ceder os seus dereitos e obrigacións a terceiros deberán cumprirse os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP.

23.4. Sucesión da empresa contratista durante a execución do contrato: Nos casos de fusión de empresas nas que participe o contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo , sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.

Comprobación dos pagos aos subcontratistas/subministradores adxudicatarios dos contratos públicos: O Concello poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios dos contratos públicos, han de facer aos subcontratistas ou subministradores que participen dos mesmos.

A tal fin os contratistas adxudicatarios remitiran, cando o Concello o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato xunto coas condicións que garden unha relación directa co prazo de pago.

Así mesmo deberán achegar cando o Concello o solicite, xustificante do cumprimento dos pagos a aqueles nos prazos legalmente establecidos.

## 24. REVISION DE PREZOS

O prezo deste contrato foi calculado tendo en conta os custes de man de obra, fundamentais neste contrato, nun entorno económico desfavorable, do que se deriva unha conxelación salarial e incluso cabe a posibilidade de que os salarios se reduzan. Ante esta situación e o curto prazo de execución, non se prevé a revisión do prezo deste contrato.





## 25. PENALIDADES CONTRACTUAIS

*Penalidades por incumprimento dos criterios de adxudicación e por incumprimento das obrigas establecidas nos pregos que rexen esta contratación.*

Impoñeranse penalidades por este concepto se durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumprira algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, os asumidos en relación cos criterios de adxudicación ou as obrigas establecidas nos pregos que rexen o contrato. Como regra xeral, a súa contía será do 1% do importe de adxudicación, IVE incluído, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar un 5% ou ata o máximo legal do 10% do importe de adxudicación, IVE incluído, respectivamente. En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá o contratista do cumprimento de os compromisos asumidos nin do cumprimento das obrigas establecidas nos pregos que rexen o contrato

## CONCLUSIÓN DO CONTRATO

### 26. RECEPCIÓN, PRAZO DE GARANTÍA E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este se realizara, de acordo cos termos deste e a satisfacción da administración Administración a totalidade do seu obxecto.

Cumpridos os trámites referidos na cláusula anterior, se se considera que a prestación obxecto do contrato reúne as condicións debidas se procederá á súa recepción, levantándose para o efecto a acta correspondente.

Se a prestación do contratista non reunira as condicións necesarias para proceder á súa recepción, ditaranse por escrito as oportunas instrucións para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas, non procedendo a recepción ata que as devanditas instrucións sexan cumprimentadas, levantándose entón a acta correspondente.

No prazo dun mes dende a data da acta de recepción deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboaraselle o saldo resultante.

Dadas as características deste contrato, non se estipula un prazo de garantía. Polo que unha vez abonada a liquidación, ficará extinguida a responsabilidade do contratista.

### 27. EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA

O órgano de contratación, no caso de incumprimento, a proposta do responsable do contrato, e previa tramitación das actuacións oportunas e con audiencia do contratista, poderá impoñer a este multas con arranxo ao previsto no art. 212 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, en base ás penalidades recollidas na cláusula 25.



Os importes das sancións faranse efectivos mediante dedución nas certificacións ou facturas correspondentes. No caso de que non poidan deducirse das mesmas, a garantía definitiva prestada responderá da efectividade das devanditas sancións; debendo o adxudicatario repoñer ou ampliar aquela na contía que corresponda, no prazo de quince días desde a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución, de conformidade co establecido no art. 99.2 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

En todo caso, as penalidades por execución defectuosa e demora impoñeranse ao adxudicatario nos termos previstos no art. 212 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

## 28. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Ademais das causas enumeradas nos arts. 223 e 308 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, poderán dar lugar á resolución do contrato as seguintes:

- O incumprimento de calquera das condicións contidas na súa oferta e que fosen obxecto de valoración para a adxudicación do contrato.
- O incumprimento de calquera das obrigacións contractuais esenciais do contrato.
- Cando as penalidades acaden o 20 por 100 do importe do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución.

## 29. CONFIDENCIALIDADE

De conformidade co establecido no art. 140 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, o contratista e todos os seus empregados deberán respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se deu o referido carácter, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo mínimo de cinco anos desde o coñecemento da información.

O devandito extremo considérase obrigación contractual esencial para os efectos establecidos no art. 223, apartado f) do mencionado Real decreto legislativo.

## 30. INTERPRETACIÓN E INCIDENCIAS

De conformidade co disposto no art. 210 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento co procedemento establecido no art. 211 do mencionado Real Decreto Legislativo. A este efecto, o responsable do contrato e o contratista poñerán en coñecemento da Administración Municipal, por escrito, calquera cuestión que poida orixinar tales incidencias.



**NARÓN**

Os acordos no seu caso adoptados serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do dereito que asiste ao contratista de proceder pola vía xurisdiccional correspondente.

## 31. CUESTIÓN DE NULIDADE

Nos supostos previstos no artigo 37 do TRLCAP, poderá formular a interposición da cuestión de nulidade contractual, no prazo de 30 días hábiles, a contar (segundo dispón o apartado 3 do artigo 39 do TRLCAP):

- a) Dende a publicación da adxudicación do contrato na forma prevista no artigo 154.2 do TRLCAP, incluíndo as razóns xustificativas da non publicación da licitación no Diario Oficial da Unión Europea.
- b) Ou dende a notificación aos licitadores afectados, dos motivos do rexeitamento da súa candidatura ou da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor, sen prexuízo do disposto no artigo 53 do TRLCAP en canto aos datos cuxa comunicación non fose procedente.
- c) Fóra destes supostos, a cuestión de nulidade deberá interpoñerse antes de que transcorran 6 meses, a contar dende a formalización do contrato.

O presente prego resulta axeitado ao ordenamento xurídico vixente, polo que se asina a conformidade co mesmo:



## ANEXO I

### DECLARACION RESPONSABLE O CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN INDISPENSABLES PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN

D/Dña....., con D.N.I. núm....., en nome propio ou da  
persoa física/xurídica á que representa.....(razón social da empresa), con N.I.F. ....  
personado no procedemento de contratación.....,

DECLARA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE que a licitadora..... cumpre  
coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración previstas no prego de  
cláusulas administrativas que rexen este contrato, comprometéndose a acreditar estas, perante o órgano  
de contratación, no prazo que esa Administración estableza no requirimento realizado ao efecto.

Os datos para practicar nesta licitación toda clase de requirimentos, comunicacións e notificacións, son  
os seguintes:

Enderezo (rúa, núm., piso, código postal, poboación e provincia).....

Telefono/s.....

Fax:.....

Enderezo electrónico (no caso que desexa ser notificado por este medio) .....

Persoa de contacto .....

(Lugar, data e sinatura do proponente)



## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO E PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_. En nome propio ou en representación da empresa a que representa no procedemento de adxudicación do contrato para a prestación do servizo de \_\_\_\_\_

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa Administración establecida no art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do propoñente).



## ANEXO III

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D/Dña....., con D.N.I. núm....., en nome propio ou da persoa física/xurídica á que representa.....(razón social da empresa), con N.I.F. .... , enterado do Pregos de Condicións relativos ao proxecto de contratación de ..... , comprométese a levar a cabo a realización dos traballos obxecto do mesmo por un prezo/hora de....., I.V.E. **non incluído.**

As cantidades deberán expresarse en letra e número. No caso de contradición entre a cantidade en letra e co número, darase validez a expresada en letra.

A presentación da oferta suporá a aceptación das condicións administrativas e técnicas do pregos que obran no expediente.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)



## ANEXO IV

### MODELO DE DECLARACIÓN JURADA DE VALIDEZ DE DATOS DEL REGISTRO DE CONTRATISTAS

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ nº \_\_\_\_\_. En nome propio ou en representación da empresa a que representa no procedemento de adxudicación do contrato para a prestación do servizo de \_\_\_\_\_

A validez e vixencia dos datos e circunstancias que constan no Certificado expedido polo Rexistro Oficial de Contratistas do ..... e en especial aos relativos a non estar incuso nas prohibicións de contratar coa Administración previstas no artigo 60 do TRLCAP.

(Lugar, data e sinatura do propoñente).



## ANEXO V

### MODELO DE AVAL DE ENTIDADE FINANCEIRA (GARANTÍA DEFINITIVA DO ADXUDICATARIO)

“A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca).....  
..... NIF ..... con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) en .....  
..... rúa/praza/avenida ..... C.P. .... no seu nome (nome e apelidos dos  
apoderados) ....., con poderes suficientes para obrigarlle  
neste acto,

### **AVALA**

A (nome e apelidos ou razón social do avalado) ..... NIF  
....., (No caso de U.T.E. sen constituír) , (nome e apelidos ou razón social dos avalados)  
.....NIF..... e

..... NIF..... CONXUNTA E SOLIDARIAMENTE, en  
virtude do disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e no Real Decreto  
1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das  
Administracións Públicas, para responder das obrigacións seguintes:

(detallar o obxecto do contrato ou obrigación asumida polo garantido e o número de expediente)

.....  
ante o Concello de Narón, por importe de: (en letra e en cifra)

.....  
A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no  
artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio  
de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento do Concello de Narón, con  
suxeición aos termos previstos no TRLCSP, e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Narón ou quen no seu nome sexa habilitado  
legalmente para iso, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co establecido no TRLCSP e  
lexislación complementaria.

(lugar e data)

(razón social da entidade)

(firma dos Apoderados)".

NOTA: Para o caso de garantías provisionais e definitivas e sempre que a entidade á que se avala sexa  
unha unión de empresarios sen constituír, non se admitirán garantías que unicamente garantan só a  
unha das empresas que as constituía, senón que a mesma ten que garantir ao resto das empresas  
que forman a unión temporal, recolléndose expresamente que a responsabilidade é conxunta e  
solidaria respecto das demais integrantes da U.T.E.





## ANEXO VI

### MODELO DE AVAL DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

"Certificado número .....(1) (en diante asegurador), con domicilio en ....., rúa ..... e NIF ..... debidamente representado por don (2) ....., con poderes suficientes da devandita Entidade para obrigarlle neste acto,

#### **A S E G U R A**

A (3) ..... NIF/CIF ..... (No caso de U.T.E. sen constituír) a: (nome e apelidos ou razón social dos avalados) .....NIF..... e .....

..... NIF..... CONXUNTA E SOLIDARIAMENTE, en concepto de tomador do seguro, ante o Concello de Narón, en diante asegurado, ata o importe de (en letra e cifra) (4) ..... nos termos e condicións establecidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, normativa de desenvolvemento e prego de cláusulas administrativas particulares pola que se rexe o contrato (5) ....., con número de expediente ..... en concepto de garantía (6) ....., para responder das obrigas, penalidades e demais gastos que se poden derivar conforme ás normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ao asegurado.

O asegurado declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. A falta de pago da prima, sexa única, primeira ou seguinte, non dará dereito ao asegurador para resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida, nin este liberado da súa obriga, en caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

O asegurador asume o compromiso de indemnizar ao asegurado ao primeiro requirimento do Concello de Narón, nos termos establecidos no TRLCSP e normas de desenvolvemento .

O presente seguro de caución estará en vigor ata que o Concello de Narón ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo con o establecido no TRLCSP, e lexislación complementaria.

En ....., a ..... de ..... de .201  
Sinatura:"

NOTA: Para o caso de garantías provisionais e definitivas sempre que a entidade á que se avala sexa unha unión de empresarios sen constituír, non se admitirán garantías que unicamente garantan só a unha das empresas que as constituía, senón que a mesma terá que garantir ao resto das empresas que forman a unión temporal, recolléndose expresamente que a responsabilidade é conxunta e solidaria respecto das demais integrantes da U.T.E.

#### INSTRUCCIÓNS PARA O ENCHEMENTO DO MODELO



## NARÓN

- (1) Expresarase a razón social completa da entidade aseguradora.
- (2) Nome e apelidos do Apoderado ou Apoderados.
- (3) Nome da persoa asegurada.
- (4) Importe en letras polo que se constitúe o seguro.
- (5) Identificar individualmente de maneira suficiente (natureza, clase, etc.) o contrato en virtude do cal se presta a caución.
- (6) Expresar a modalidade de seguro de que se trata, provisional, definitiva, etc.



## ANEXO VII MODELO DE DECLARACIÓN DE UTE

D....., con domicilio en ....., rúa ....., e provisto de D.N.I ....., en nome propio ou en representación de ....., con domicilio en ....., rúa ..... Tfno ..... e N.I.F..... e D....., con domicilio en ....., rúa ....., e provisto de D.N.I ....., en nome propio ou en representación de ....., con domicilio en ....., rúa ..... Tfno ..... e N.I.F.....

### DECLARAN

Que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal de Empresas, coas participacións respectivas de ..... % e de .....% e que nomean representante ou apoderado único da Unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo a D.....

(DATA E FIRMA)



## ANEXO VIII

### MODELO DE DESIGNACION COMO CONFIDENCIAL DE INFORMACIÓNS FACILITADAS POLO LICITADOR

D....., con domicilio en  
....., rúa ....., e provisto de D.N.I ....., en nome propio ou  
en representación de ....., con domicilio en ....., rúa  
..... Tfno ..... e N.I.F.....,

### DECLARA

Que na documentación achegada no sobre ..... (designar o sobre a que se refire), se consideran  
confidenciais as seguintes informacóns e documentos da oferta por razón da súa vinculación a  
segredos técnicos ou comerciais:

.....  
.....  
.....

Polas seguintes causas

.....  
.....  
.....

**(Lugar, data e sinatura do licitador)**